



A Sociedade da Información nos fogares galegos

Ano 2015

XUNTA DE GALICIA

Edita: Xunta de Galicia
Presidencia
Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega)

Lugar: Santiago de Compostela
Ano: 2016

Este documento distribúese baixo licenza Creative Commons 3.0.
Recoñecemento – Compartir baixo a mesma licenza dispoñible en:
<http://creativecommons.org/licenses/by-sa/3.0/deed.gl>

A Sociedade da Información nos fogares galegos

Ano 2015

Observatorio da Sociedade da Información e
a Modernización de Galicia (OSIMGA)

Xunta de Galicia
Presidencia

Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega)
Santiago de Compostela
2016



ÍNDICE

Introdución	5
I. Fogares con ordenador	6
II. Fogares con Internet contratado	15
III. Fogares con acceso contratado a banda larga	25
IV. Persoas que utilizaron o ordenador nos 3 últimos meses	34
V. Persoas que utilizaron Internet nos 3 últimos meses	45
VI. Persoas que adquiriron algún ben ou servizo a través de Internet	56
VII. eAdministración	67
Conclusións	77



INTRODUCCIÓN

Este estudo foi elaborado no marco do convenio de colaboración, asinado en outubro de 2012, entre a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega) e o Instituto Galego de Estatística (IGE) para optimizar a recollida dos datos relativos á Sociedade da Información nos fogares galegos. O acordo de colaboración permite evítar a duplicidade de enquisas, atendendo aos criterios de máxima eficiencia, eficacia e austeridade na estrutura organizativa da actividade estatística da Administración autonómica.

No presente informe recóllense os resultados dos principais indicadores da Sociedade da Información nos fogares galegos, elaborados polo Observatorio da Sociedade da Información e a Modernización de Galicia (OSIMGA), adscrito á Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega). Este organismo é o responsable de realizar o procesamento estatístico e a análise que se presenta neste Diagnóstico, que forma parte das iniciativas impulsadas pola Axenda Dixital 2020 da Xunta de Galicia.

Medición da evolución das TIC nos fogares

A información que se amosa neste diagnóstico procede dun módulo da Enquisa Estrutural a fogares. No ano 2015 a enquisa recolleu información de 8.044 fogares onde reside cando menos unha persoa de 16 a 74 anos. Supón un total de 17.483 a persoas de 16 a 74 anos de idade.

A enquisa aporta datos desagregados por subconxuntos de idade, sexo, hábitat, número de membros do fogar, convivencia no fogar con nenos/as, ingresos do fogar, nivel de estudos e situación socio-laboral, obtendo unha perspectiva comparativa dos diferentes contornos socioeconómicos que coexisten en Galicia.

I. FOGARES CON ORDENADOR



➡ O 70,9% dos fogares galegos contan con algún tipo de ordenador (sobremesa, tablet ou pda), acadando o 89,6% nos fogares nos que residen nenos/as en idade escolar.

O presente informe constitúe unha síntese dos resultados da evolución da Sociedade da Información en Galicia, a través do equipamento e usos das TIC nos fogares galegos nos que residen persoas de 16 a 74 anos de idade. En concreto, ofrécese información sobre a dispoñibilidade de ordenador, Internet contratado e banda larga. Ademais, avaliarase a utilización do ordenador e Internet, a adquisición dalgún ben ou servizo a través de Internet e a implantación da eAdministración.


I. Fogares con ordenador

Os fogares con algún tipo de ordenador na Comunidade Galega, entendido como un equipo de sobremesa ou portátil, tablet ou pda, experimentan un lixeiro retroceso respecto do ano anterior, pasando do 71,5% ao 70,9% dos fogares galegos, debido con toda probabilidade ao incremento no uso de dispositivos móbiles con conectividade.

Aínda que se trata dunha merma de pouco máis de medio punto porcentual, pode estar apuntando a un cambio de tendencia no tipo de dispositivos informáticos que se utilizan con fins persoais. De feito, no 92,9% destes fogares sen ordenador existe conexión a Internet, o que apunta a unha crecente presenza de teléfonos móbiles intelixentes con capacidades cada vez máis próximas ás destes equipos informáticos.

Esta información constata que estamos a ver cambios nos usos e dispoñibilidade de ferramentas, cambios que en todo caso afectan positivamente ao nivel de acceso á sociedade da Información na medida en que permiten unha maior extensión do uso a través de dispositivos practicamente universalizados entre toda a poboación galega.

G.1. FOGARES CON ORDENADOR



Base: total de fogares
Fonte: OSIMGA + IGE (2015)

En termos evolutivos, se consideramos o período 2012-2015 o crecemento da dispoñibilidade de ordenadores en Galicia foi superior á media estatal e europea no mesmo período; mentres que en Galicia a dispoñibilidade de ordenadores medrou un 5,3% o crecemento de España nese mesmo período foi dun 2,7% e en Europa foi do 5,1%.

G.2. EVOLUCIÓN DO INDICADOR E COMPARATIVA COA MEDIA ESTATAL E EUROPEA




Crecemento no período 2012 - 2015

Galicia: 5,3%. España: 2,7%. Europa 5,1%

Fogares con ordenador

Evolución Galicia

(% sobre o total de fogares onde reside unha persoa de 16 a 74 anos)




Fonte: OSIMGA+IGE (2012-2015)

Fogares con ordenador

Comparación Galicia, España e UE

(% sobre o total de fogares onde reside unha persoa de 16 a 74 anos)




Fonte: OSIMGA-IGE-INE-Eurostat

Nota: non se dispón de datos europeos para o ano 2014

As provincias da Coruña e Pontevedra son as que contan con maior presenza de ordenadores nos fogares, acadando o 74% na Coruña e o 70,8% en Pontevedra. Pola contra, na provincia de Lugo, e moi especialmente na de Ourense, é onde se rexistran menor porcentaxe de ordenadores.

G.3. FOGARES CON ORDENADOR SEGUNDO A PROVINCIA

(% sobre o total de fogares)




Fonte: OSIMGA + IGE (2015)

Como adiantabamos, a configuración do hábitat de residencia constitúe un factor decisivo á hora de analizar a presenza de ordenador nos fogares, incrementándose o indicador de xeito progresivo a medida que o número de habitantes do concello aumenta. O punto de inflexión sitúase nos concellos con máis de 20.000 habitantes, poboación a partir da cal a dispoñibilidade de ordenador supera á media global de Galicia.

G.4. FOGARES CON ORDENADOR SEGUNDO O TIPO DE HÁBITAT

(% sobre o total de fogares)




Fonte: OSIMGA + IGE (2015)

En relación á área de residencia, corrobóranse os datos comentados respecto das provincias, de xeito que son ás áreas da Coruña e Santiago as que maior presenza de ordenador rexistran. Pola contra, as áreas de O Carballiño- O Ribeiro e Ourense- Sur son as que contan coa menor dispoñibilidade de ordenadores, con valores próximos ao 50%.

G.5. FOGARES CON ORDENADOR SEGUNDO A ÁREA


(% sobre o total de fogares)



Fonte: OSIMGA + IGE (2015)

Amósase a continuación un mapa onde observamos, a través da escala de cores, que é no Eixo Atlántico onde se rexistra a maior presenza de ordenador.

G.6. MAPA DE FOGARES CON ORDENADOR SEGUNDO A ÁREA




Fonte: OSIMGA + IGE (2015)

Nas sete grandes cidades galegas a porcentaxe de fogares con ordenador supera xenerosamente á media galega (70,9%), correspondendo as porcentaxes máis altas aos concellos de Lugo (82,2%), Santiago (82,1%) e A Coruña (82%).

G.7. FOGARES CON ORDENADOR NOS 7 CONCELLOS CON MAIOR POBOACIÓN

(% sobre o total de fogares)




Fonte: OSIMGA + IGE (2015)

O número de membros no fogar garda unha relación positiva co aumento do indicador, sendo máis frecuente atopar vivendas equipadas con ordenador a medida que aumenta o número de persoas que residen nela, coa excepción dos fogares de 5 ou máis persoas, de xeito que a presenza deste dispositivo nos fogares con catro persoas (89,9%) case duplica aos fogares unipersoais (48,7%).

G.8. FOGARES CON ORDENADOR SEGUNDO O NÚMERO DE PERSOAS NO FOGAR

(% sobre o total de fogares)




Fonte: OSIMGA + IGE (2015)

O nivel de ingresos do fogar resulta unha das variables máis relacionadas coa dispoñibilidade de ordenador, aumentando conforme o fai a renda media do fogar, e superando a media galega a partir dos 1.800 euros de ingresos mensuais. Por baixo dos 1.100 euros mensuais de ingresos totais apenas a metade dos fogares dispón de ordenador.

G.9. FOGARES CON ORDENADOR SEGUNDO O VOLUME TOTAL DE INGRESOS DO FOGAR


(% sobre o total de fogares)



Fonte: OSIMGA + IGE (2015)

Como vimos observando en edicións anteriores, a convivencia con nenos en idade escolar ten unha incidencia moi forte no feito de dispoñer ou non de ordenador no fogar. Así, as vivendas con nenos superan en 18,7 puntos á media galega, existindo unha fenda de 24,6 puntos con respecto aos fogares onde non residen nenos/as en idade escolar.

G.10. FOGARES CON ORDENADOR SEGUNDO A CONVIVENCIA CON NENOS/AS



Fonte: OSIMGA + IGE (2015)

II. FOGARES CON INTERNET CONTRATADO




➡ Nos catro últimos anos (período 2012 – 2015), a evolución positiva de fogares galegos con Internet contratado foi superior que o aumento rexistrado a nivel estatal e europeo.

II. Fogares con Internet contratado

Un 71,5% dos fogares galegos contan con Internet, experimentando un incremento do 1,6%, comparativamente co ano 2014.


G.11. FOGARES CON INTERNET CONTRATADO




Base: total de fogares
Fonte: OSIMGA + IGE (2015)

A evolución positiva de fogares con Internet contratado en Galicia foi superior ao aumento rexistrado a nivel estatal e europeo. Así, a Comunidade Galega experimentou un incremento do 27% entre os anos 2012 e 2015, fronte ao 15,9% no ámbito estatal e o 10,7% no ámbito europeo, no mesmo período de tempo.

G.12. EVOLUCIÓN DO INDICADOR E COMPARATIVA COA MEDIA ESTATAL E EUROPEA




Fogares con internet contratado
Evolución Galicia
(% sobre o total de fogares onde reside unha persoa de 16 a 74 anos)



Fonte: OSIMGA+IGE (2012-2015)

Fogares con internet contratado
Comparación Galicia, España e UE
(% sobre o total de fogares onde reside unha persoa de 16 a 74 anos)




Fonte: OSIMGA-IGE-INE-Eurostat

As provincias da Coruña e Pontevedra son as que contan con máis fogares con conexión a Internet, especialmente a provincia coruñesa, que supera a media galega en 4,2 puntos porcentuais.

G.13. FOGARES CON INTERNET CONTRATADO SEGUNDO A PROVINCIA

(% sobre o total de fogares)




Fonte: OSIMGA + IGE (2015)

Como vimos observando respecto á maioría dos indicadores, o hábitat onde están situadas as vivendas tamén parece ser un factor determinante á hora de contar con conexión á Rede no fogar, aumentando a medida que a poboación é maior. Aínda así, en todos os hábitats supérase folgadoamente o 50% de fogares con Internet contratado. Cabe salientar que nos hábitats con máis de 20.000 habitantes, a porcentaxe de fogares con Internet contratado sitúase ao redor do 80%.

G.14. FOGARES CON INTERNET CONTRATADO SEGUNDO O TIPO DE HÁBITAT

(% sobre o total de fogares)




Fonte: OSIMGA + IGE (2015)

Como resaltabamos na análise provincial, a área de Santiago, seguida da Coruña sitúanse á cabeza na contratación de Internet


G.15. FOGARES CON INTERNET CONTRATADO SEGUNDO A ÁREA

(% sobre o total de fogares)



Fonte: OSIMGA + IGE (2015)

G.16. MAPA DE FOGARES CON INTERNET CONTRATADO SEGUNDO A ÁREA




Fonte: OSIMGA + IGE (2015)

Considerando os sete concellos con maior poboación de Galicia son Santiago e A Coruña as urbes nas que se produce unha maior presenza de Internet nos fogares, superando en ambos os dous casos o 80%. Cabe destacar que todos os grandes concellos superan a media galega (71,5%).

G.17. FOGARES CON INTERNET CONTRATADO NOS 7 CONCELLOS CON MAIOR POBOACIÓN

(% sobre o total de fogares)




Fonte: OSIMGA + IGE (2015)

Ao igual que observabamos en relación á disposición de ordenador, o incremento do número de membros no fogar ten unha influencia positiva na presenza de Internet, aumentando, en termos xerais, a súa contratación a medida que aumenta o número de persoas que conviven nos fogares.

G.18. FOGARES CON INTERNET CONTRATADO SEGUNDO O NÚMERO DE PERSOAS NO FOGAR

(% sobre o total de fogares)




Fonte: OSIMGA + IGE (2015)

Esta relación directa obsérvase tamén ao considerar o nivel de ingresos dos fogares, de xeito que a maior renda familiar, maior dispoñibilidade de conexión á Rede.

G.19. FOGARES CON INTERNET CONTRATADO SEGUNDO O VOLUME TOTAL DE INGRESOS DO FOGAR


(% sobre o total de fogares)



Fonte: OSIMGA + IGE (2015)

Respecto da comparación entre os fogares con ou sen nenos, aqueles onde residen menores con idades comprendidas entre os 3 e os 16 anos superan en conexión a Internet aos que non teñen nenos en 22,6 puntos porcentuais.


G.20. FOGARES CON INTERNET CONTRATADO SEGUNDO A CONVIVENCIA CON NENOS/AS



Fonte: OSIMGA + IGE (2015)

Analizando os motivos para non contratar Internet no fogar destacan respostas relacionadas coa percepción de que “non o necesitan”, “non o queren”, con porcentaxes superiores ao 40%, mentres que os custos de equipamento e de conexión son argumentados por unha menor porcentaxe que o ano anterior (4 puntos menos con respecto a 2014). Ademais, a imposibilidade de contratar Internet descende 2,6 puntos respecto ao ano anterior.

G.21. MOTIVOS POLOS QUE NON DISPOÑEN DE INTERNET CONTRATADO



Fonte: OSIMGA + IGE (2015)

Diagnóstico 2015. A Sociedade da Información nos fogares galegos

En canto aos motivos argumentados en canto á non dispoñibilidade de Internet en función da provincia a consideración da pouca necesidade e maior nas provincias con menos conexión –Ourense e Lugo-, mentres que xustificar a falta do equipamento en base a que “teñen poucos coñecementos para usalo” é maior na provincia da Coruña.

C.1. MOTIVOS POLOS QUE NON DISPOÑEN DE INTERNET CONTRATADO SEGUNDO A PROVINCIA

MOTIVACIÓNS	PROVINCIA (%)				Total (%)
	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	
Non o necesitan	46,7	62,8	71,5	51,8	54,5
Non o queren	44,0	56,2	52,4	44,6	47,1
Non lles resulta útil	28,2	36,1	40,5	25,9	30,3
Non o coñecen	28,7	26,3	21,5	22,8	25,2
Teñen poucos coñecementos para usalo	43,4	33,0	29,1	28,1	34,4
Custos altos do equipamento	25,4	14,5	17,8	37,7	27,1
Custos altos de conexión	30,0	20,5	18,4	39,9	30,4
Téñeno noutro lugar	12,7	7,8	7,8	18,8	13,4
Non é posible contratar Internet no lugar onde está a súa vivenda	5,1	5,5	4,3	8,4	6,2

Base: fogares sen conexión a Internet
Fonte: OSIMGA + IGE (2015)

O nivel de ingresos nos fogares é un factor que afecta directamente á percepción de custos altos, tanto en equipamento como en conexión. Neste sentido, destacar que o 38,5% dos fogares sen Internet pero con ingresos elevados aluden á súa dispoñibilidade noutro lugar como argumento fundamental.

C.2. MOTIVOS POLOS QUE NON DISPOÑEN DE INTERNET CONTRATADO SEGUNDO O VOLUME TOTAL DE INGRESOS DO FOGAR

MOTIVACIÓNS	VOLUME TOTAL DE INGRESOS NO FOGAR (%)						Total (%)
	Menos de 601 €	Entre 601 € e 1.100 €	Entre 1.101 € e 1.800 €	Entre 1.800 € e 2.700 €	Entre 2.701 € e 3.500 €	Máis de 3.500 €	
Non o necesitan	46,0	56,1	57,8	54,2	55,0	37,6	54,5
Non o queren	41,2	49,5	47,7	50,5	42,9	24,7	47,1
Non lles resulta útil	28,6	33,4	29,7	29,5	34,0	13,6	30,3
Non o coñecen	22,2	28,6	26,4	23,1	20,2	9,9	25,2
Teñen poucos coñecementos para usalo	30,8	38,7	37,0	29,9	24,9	19,2	34,4
Custos altos do equipamento	46,3	29,7	22,5	21,0	12,7	20,7	27,1
Custos altos de conexión	53,4	30,6	25,8	24,3	27,7	10,7	30,4
Téñeno noutro lugar	10,3	8,3	12,9	18,6	26,0	38,5	13,4
Non é posible contratar Internet no lugar onde está a súa vivenda	9,7	4,8	4,4	7,1	12,4	9,3	6,2

Base: fogares sen conexión a Internet
Fonte: OSIMGA + IGE (2015)

III. FOGARES CON ACCESO CONTRATADO A BANDA LARGA




☞ No período 2012-2015, Galicia reduciu a fenda dixital na contratación de banda larga en 7,2 puntos respecto á media estatal e en 10,3 puntos respecto da media europea.

III. Fogares con acceso contratado a banda larga

Un 71,4% dos fogares galegos ten contratado Internet a través de banda larga, considerando as conexións a Internet de velocidade igual ou superior a 1Mbps.

G.22 FOGARES CON ACCESO CONTRATADO A BANDA LARGA




A comparativa entre Galicia, España e Unión Europea indica que o ritmo de crecemento da banda larga na nosa Comunidade foi superior ao rexistrado pola media estatal e europea. O crecemento de Galicia no intervalo 2012-2015 foi dun 34,5% mentres que en España no mesmo período foi do 16,6% e en Europa do 11,1%.


Isto traducíuse nun recorte de distancia coa media estatal e coa media europea. Así, os datos de avance que experimentou Galicia refléxanse na redución significativa da fenda dixital:

- No ano 2012, Galicia estaba 13,6 puntos por baixo da media estatal e actualmente sitúase a 6,4 puntos (7,2 puntos menos).
- Con respecto á media europea, a fenda no ano 2012 era de 18,9 puntos e actualmente é de 8,6 puntos (10,3 puntos menos)

G.23. EVOLUCIÓN DO INDICADOR E COMPARATIVA COA MEDIA ESTATAL E EUROPEA




Fogares con acceso contratado a Banda larga
Evolución Galicia
(% sobre o total de fogares onde reside unha
persoa de 16 a 74 anos)



Fonte: OSIMGA+IGE (2012-2015)

Fogares con acceso contratado a Banda larga
Comparación Galicia, España e UE
(% sobre o total de fogares onde reside unha
persoa de 16 a 74 anos)




Fonte: OSIMGA-IGE-INE-Eurostat

A provincia da Coruña é a que posúe unha maior porcentaxe de fogares con banda larga, (75,6%), 4,2 puntos porcentuais por riba da media.

Ourense é a provincia cunha menor porcentaxe neste indicador cunha diferenza de 8,7 puntos porcentuais respecto da media.

G.24 FOGARES CON ACCESO CONTRATADO A BANDA LARGA SEGUNDO A PROVINCIA


(% sobre o total de fogares)



Fonte: OSIMGA + IGE (2015)

O tamaño de hábitat afecta de xeito directo á contratación de banda larga nos fogares galegos, aumentando esta a medida que aumenta o tamaño do hábitat no que se sitúa a vivenda.


G.25. FOGARES CON ACCESO CONTRATADO A BANDA LARGA SEGUNDO O TIPO DE HÁBITAT





As áreas que contan cunha maior presenza de banda larga sitúanse na provincia da Coruña, destacando a área de Santiago (81,9%) e da Coruña (79,5%), mentres que as que acadan unha porcentaxe máis baixa sitúanse na área de Ourense Sur e do Carballiño-O Ribeiro (44,4% e 47,4% respectivamente), sendo estas as únicas que se sitúan por baixo do 50%.

G.26. FOGARES CON ACCESO CONTRATADO A BANDA LARGA SEGUNDO A ÁREA

(% sobre o total de fogares)



G.27. MAPA DE FOGARES CON CON ACCESO CONTRATADO A BANDA LARGA SEGUNDO A ÁREA




Fonte: OSIMGA + IGE (2015)

A totalidade de grandes concellos de Galicia contan cunha porcentaxe de fogares con acceso a Internet a través de banda larga superior á media galega, destacando entre eles Santiago, onde o 83,3% dos fogares dispoñen de banda larga.

G.28. FOGARES CON ACCESO CONTRATADO A BANDA LARGA NOS 7 CONCELLOS CON MAIOR POBOACIÓN

(% sobre o total de fogares)




Fonte: OSIMGA + IGE (2015)

O tamaño do fogar garda de novo unha evidente relación co indicador, de xeito que o número elevado de persoas residindo nunha mesma vivenda supón, en termos xerais, unha maior probabilidade de contratar unha conexión a Internet de banda larga.

G.29. FOGARES CON ACCESO CONTRATADO A BANDA LARGA SEGUNDO O NÚMERO DE PERSOAS NO FOGAR

(% sobre o total de fogares)




Fonte: OSIMGA + IGE (2015)

A contratación de banda larga é un indicador tamén condicionado polos niveis de ingresos no fogar, acadando a súa máxima nos fogares con ingresos superiores aos 3.500€, cun 93,7%.

G.30. FOGARES CON ACCESO CONTRATADO A BANDA LARGA SEGUNDO O VOLUME TOTAL DE INGRESOS DO FOGAR


(% sobre o total de fogares)



Fonte: OSIMGA + IGE (2015)

A contratación da Rede a través da banda larga é superior nos fogares que contan con nenos/as en idade escolar obrigatoria, superando ao resto de fogares en 22,5 puntos porcentuais.

G.31. FOGARES CON ACCESO CONTRATADO A BANDA LARGA SEGUNDO A CONVIVENCIA CON NENOS/AS



Fonte: OSIMGA + IGE (2015)

IV. PERSOAS QUE UTILIZARON O ORDENADOR NOS TRES ÚLTIMOS MESES




- ➡ Un maior nivel de estudos fomenta o uso do ordenador na poboación galega, situándose por riba do 90% entre as persoas que estudaron Formación Profesional ou cursaron estudos universitarios.
- ➡ O nivel de uso do ordenador tamén aumenta significativamente canto máis xove é o usuario.

IV. Persoas que utilizaron o ordenador nos últimos tres meses

O número de persoas que utilizaron o ordenador nos últimos tres meses acadou o 66,9% no último ano, cifra que se mantén respecto á do ano 2014.


G.32. PERSOAS QUE UTILIZARON O ORDENADOR NOS TRES ÚLTIMOS MESES




Base: total de persoas
Fonte: OSIMGA + IGE (2015)

Respecto á evolución de Galicia, comparándoa coa evolución estatal e europea, obsérvase unha tendencia positiva, xa que en Galicia a porcentaxe de persoas que utilizaron o ordenador nos últimos tres meses, incrementouse un 11,9% no período 2012-2015, mentres que a nivel estatal o crecemento foi do 2,2% e a nivel europeo do 5,4%.

G.33. EVOLUCIÓN DO INDICADOR E COMPARATIVA COA MEDIA ESTATAL E EUROPEA




Persoas que utilizaron o ordenador nos últimos tres meses
Evolución Galicia
(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos)



Fonte: OSIMGA+IGE (2012-2015)

Persoas que utilizaron o ordenador nos últimos tres meses
Comparación Galicia, España e UE
(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos)




Fonte: OSIMGA-IGE-INE-Eurostat

No período 2012- 2015, a fenda dixital no uso do ordenador con respecto á media estatal diminuíu 5,5 puntos e, con respecto á media europea, reduciuse en 3,1 puntos, o que denota unha tendencia positiva.

Analizando os datos galegos en termos de sexo e idade, observamos que a fenda dixital de xénero é de 3,9 puntos fronte aos 4,2 puntos do ano anterior e constátase que o nivel de uso do ordenador aumenta canto máis xove é o usuario.

G.34. PERSOAS QUE UTILIZARON O ORDENADOR NOS ÚLTIMOS TRES MESES SEGUNDO O SEXO


(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos)



Fonte: OSIMGA + IGE (2015)

G.35. PERSOAS QUE UTILIZARON O ORDENADOR NOS ÚLTIMOS TRES MESES SEGUNDO O GRUPO DE IDADE

(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos)




Fonte: OSIMGA + IGE (2015)

Un maior nivel de estudos fomenta o uso do ordenador na poboación galega e a porcentaxe de usuarios de ordenador sitúase sempre por riba do 90% entre as persoas que estudaron Formación Profesional ou cursaron estudos universitarios.

G.36. PERSOAS QUE UTILIZARON O ORDENADOR NOS ÚLTIMOS TRES MESES SEGUNDO O NIVEL DE ESTUDOS

(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos)




Fonte: OSIMGA + IGE (2015)

O estudantado, así como o persoal ocupado, son os grupos sociais con máis porcentaxe de uso do ordenador, mentres que os xubilados e perceptores de pensións distintas da xubilación, sitúanse por baixo do 30% no uso de ordenador.

G.37. PERSOAS QUE UTILIZARON O ORDENADOR NOS ÚLTIMOS TRES MESES SEGUNDO A SITUACIÓN SOCIO-LABORAL

(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos)




Fonte: OSIMGA + IGE (2015)

Tanto a provincia da Coruña, como a de Pontevedra, sitúanse por riba da media galega no uso do ordenador nos últimos tres meses.

G.38. PERSOAS QUE UTILIZARON O ORDENADOR NOS ÚLTIMOS TRES MESES SEGUNDO A PROVINCIA

(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos)




Fonte: OSIMGA + IGE (2015)

O tamaño do hábitat, afecta tamén no caso do uso do ordenador, acadando a súa maior porcentaxe nos concellos de máis de 50.000 habitantes, cun 77,1% de persoas usuarias de ordenador nos últimos tres meses.

G.39. PERSOAS QUE UTILIZARON O ORDENADOR NOS ÚLTIMOS TRES MESES SEGUNDO O TIPO DE HÁBITAT

(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos)




Fonte: OSIMGA + IGE (2015)

As áreas da Coruña (77,4%), Santiago (72,7%) e Vigo (72,4%) son as que contan con maior proporción de usuarios de ordenador nos últimos tres meses. En contraposición, a área de O Carballiño-Ribeiro, é o lugar onde se rexistra a porcentaxe máis baixa de uso do ordenador, cun 40,5%.


G.40. PERSOAS QUE UTILIZARON O ORDENADOR NOS ÚLTIMOS TRES MESES SEGUNDO A ÁREA

(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos)



Fonte: OSIMGA + IGE (2015)

G.41. MAPA DE PERSOAS QUE UTILIZARON O ORDENADOR NOS ÚLTIMOS TRES MESES SEGUNDO A ÁREA




Fonte: OSIMGA + IGE (2015)

Centrando os datos nos concellos con maior poboación de Galicia, A Coruña é o concello que conta cun maior uso de ordenador, cun 81,2%, seguido de Santiago cun 78,7%. En todos os casos, os grandes concellos de Galicia superan a media autonómica (66,9%).

G.42. PERSOAS QUE UTILIZARON O ORDENADOR NOS ÚLTIMOS TRES MESES NOS 7 CONCELLOS CON MAIOR POBOACIÓN

(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos)




Fonte: OSIMGA + IGE (2015)

As persoas que conviven en fogares de catro membros, son os que contan cun maior uso do ordenador nos últimos tres meses, cun 78,9%, seguido dos fogares de tres membros, os cales acadan o 68,1%.

G.43. PERSOAS QUE UTILIZARON O ORDENADOR NOS ÚLTIMOS TRES MESES SEGUNDO O NÚMERO DE PERSOAS NO FOGAR

(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos)




Fonte: OSIMGA + IGE (2015)

Novamente, o nivel de ingresos no fogar afecta de maneira proporcional ao uso de ordenadores, sendo as persoas que contan cun maior nivel de ingresos, os que rexistran un maior nivel de uso do ordenador nos últimos tres meses.

G.44. PERSOAS QUE UTILIZARON O ORDENADOR NOS ÚLTIMOS TRES MESES SEGUNDO O VOLUME TOTAL DE INGRESOS DO FOGAR

(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos)




Fonte: OSIMGA + IGE (2015)

O mesmo acontece coa convivencia con nenos en idade escolar obrigatoria, incidindo positivamente no uso do ordenador das persoas, superando así en 18,5 puntos os fogares onde non residen nenos/as.

G.45. PERSOAS QUE UTILIZARON O ORDENADOR NOS ÚLTIMOS TRES MESES SEGUNDO A CONVIVENCIA CON NENOS/AS

(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos)



Fonte: OSIMGA + IGE (2015)

V. PERSOAS QUE UTILIZARON INTERNET NOS ÚLTIMOS TRES MESES




- ☞ Redución da fenda dixital no uso de Internet no período 2012 – 2015, diminuíndo:
 - ☞ En 4,4 puntos con respecto á media estatal
 - ☞ E en 6,3 puntos respecto á media europea.

V. Persoas que utilizaron Internet nos últimos tres meses

Un ano máis, a porcentaxe de persoas que utilizaron Internet nos últimos tres meses aumentou, acadando o 70,7%, o que supón un crecemento dun 2% no último ano.


G.46. PERSOAS QUE UTILIZARON INTERNET NOS TRES ÚLTIMOS MESES



No período 2012-2015, a evolución de persoas que utilizaron Internet nos tres últimos meses en Galicia, é superior ao crecemento estatal e europeo. Isto tradúcese nunha redución da fenda dixital:


- No ano 2012, Galicia estaba 12,4 puntos por baixo da media estatal e actualmente sitúase a 8 puntos (4,4 puntos menos)
- Con respecto á media europea, a fenda no ano 2012 era de 15,6 puntos e no ano 2015 é de 9,3 puntos (6,3 puntos menos)

G.47. EVOLUCIÓN DO INDICADOR E COMPARATIVA COA MEDIA ESTATAL E EUROPEA




Diagnóstico 2015. A Sociedade da Información nos fogares galegos

Persoas que utilizaron Internet nos últimos tres meses
Evolución Galicia
(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos)



Fonte: OSIMGA+IGE (2012-2015)

Persoas que utilizaron Internet nos últimos tres meses
Comparación Galicia, España e UE
(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos)




Fonte: OSIMGA-IGE-INE-Eurostat

A idade é unha variable que afecta de maneira directa no uso de Internet, deste xeito, a menor idade, maior uso da Rede, acadando niveis de uso do 98,2% nas idades máis temperás. Pola contra, as idades comprendidas entre os 65 e 74 anos contan cunha porcentaxe do 21%, moi inferior a media galega.

A comparativa entre Galicia e España amosa que, ata os 44 anos, Galicia converxe coa media estatal e mesmo a supera lixeiramente no tramo de idade de 25 a 34 anos.

G. 48. PERSOAS QUE UTILIZARON INTERNET NOS ÚLTIMOS TRES MESES SEGUNDO O GRUPO DE IDADE

(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos)




Fonte: OSIMGA + IGE (2015)– INE 2015

A fenda de xénero a nivel autonómico é de 4,3 puntos porcentuais, mentres que a nivel estatal e europeo, acadando os 4,3 puntos, a nivel estatal e europeo a fenda é de 2,6 e 2 puntos porcentuais respectivamente.


G. 49. PERSOAS QUE UTILIZARON INTERNET NOS ÚLTIMOS TRES MESES SEGUNDO O SEXO

(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos)




Fonte: OSIMGA + IGE (2015)

Mulleres que utilizaron Internet nos últimos tres meses
Evolución Galicia
(% sobre mulleres de 16 a 74 anos)




Fonte: OSIMGA+IGE (2012-2015)

Mulleres que utilizaron Internet nos últimos tres meses
Comparación Galicia, España e UE
(% sobre mulleres de 16 a 74 anos)




Fonte: OSIMGA-IGE-INE-Eurostat

Homes que utilizaron Internet nos últimos tres meses
Evolución Galicia
(% sobre homes de 16 a 74 anos)



Fonte: OSIMGA+IGE (2012-2015)

Homes que utilizaron Internet nos últimos tres meses
Comparación Galicia, España e UE
